



M^a Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN relativa ás necesidades de investimento por parte do Estado no noso concello.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos presentados ao Parlamento polo goberno do Estado do Partido Popular para 2017, recortan considerablemente a partida asignada a Galiza, acadando o dubidoso honor de ser os máis baixos dende o 2004, trece anos atrás e seis anos antes da crise. Se no 2016 os orzamentos consignaron 1.363 M € para Galiza, este ano de 2017, cando imos pagar máis impostos, o tándem Rajoy/Feijoo recorta un 34% o investimento no noso país e deixan a partida nuns escasos 924,6 M €, dos que máis da metade van para o AVE, cuxa chegada á nosa terra está cada ano un ano máis lonxe.

Estes orzamentos amosan claramente o nulo interese que os 23 deputados e deputadas galegas do PP, PSOE e En Marea no Congreso mostran por defender os intereses do país xa que ningunha organización presentou emendas que esixisen un incremento do investimento do goberno do Estado en Galiza. A esta falta de compromiso co país por parte dos representantes galegos e galegas no Estado súmase a deserción do goberno galego do PP que aplaude desde aquí a inxustificábel rebaixa nos orzamentos presentados polo Partido Popular en Madrid. Mentres que, cando o BNG tiña representación no parlamento do Estado, aproveitou sempre as ocasións que os gobernos en minoría de PP e PSOE lle ofreceron para incrementar as partidas orzamentarias destinadas a Galiza, como fixo agora tamén o PNV para o País Vasco, os actuais parlamentarios galegos no Estado sométense aos ditados das respectivas direccións, para as que Galiza non conta en absoluto.

O recorte é significativo para a comarca do Barbanza e nomeadamente para o noso concello, para o que non se recolle ningún investimento específico, nin sequera dous proxectos dependentes da administración do Estado que están sen rematar: as segundas fases da rehabilitación da antiga zona industrial da Ribeiriña e a da rexeneración da Xunqueira e praia do Areal, cuxa consignación orzamentaria e execución das primeiras fases foron conseguidos grazas ao traballo do BNG no Congreso.

No ano 2008, sendo Francisco Jorquera deputado do BNG, incluíuse unha partida de 1 M € para o acondicionamento do franxa do litoral da Ribeiriña. A insistencia do BNG na execución do proxecto deu os seus froitos no ano 2010, cando se iniciaron os traballos. E se no 2009 se anunciara polo Xefe da Demarcación de Costas de Galicia o inminente derrubo das naves e unha segunda fase do proxecto, por valor de 1.600.000 euros, consistente en desmontar os recheos da zona para recuperar a antiga liña de costa, a día de hoxe seguimos agardando.



**GRUPO MUNICIPAL
POBRA DO CARAMIÑAL**

En canto á rexeneración das Xunqueiras, a pesar de que o BNG conseguiu incluír nos Orzamentos Xerais do Estado (OXE) unha partida para a súa rexeneración, o proxecto inicial, redactado en 2001, non foi executado. Seguiu o BNG presentando iniciativas para a posta en marcha do proxecto, propoñendo emendas aos OXE, ao mesmo tempo que esixía medidas provisionais de conservación para evitar un maior deterioro da zona. O novo proxecto, presentado en 2014, ampliou o ámbito a todo o dominio público delimitado pola frecha da praia, incluíu a demolición das naves e determinou a execución en dúas fases. O BNG presentou alegacións para evitar o derrube das naves, construcións de gran valor arquitectónico e patrimonial que as institucións públicas teñen a obriga de protexer e conservar. Executouse a primeira fase, mais nin nos orzamentos do 2016, a pesar das alegacións presentadas pola nosa deputada no Congreso, Rosana Pérez, nin nos do 2017 se recollen partidas para executar a segunda, para a cal o BNG considera que se debería facer unha modificación no proxecto que contemplase a conservación e rehabilitación das naves para uso público.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1. Instar ao goberno do Estado a incluír nos OXE partidas orzamentarias específicas relativas a:**
 - a. 2ª fase da rehabilitación da antiga zona industrial sita no lugar da Ribeiriña – A Pobra do Caramiñal.**
 - b. 2ª fase do proxecto de rexeneración ambiental do ecosistema da Xunqueira e da praia do do Areal – A Pobra do Caramiñal, onde se contemple a conservación e rehabilitación das naves.**
- 2. Instar ao goberno da Xunta a esixir do goberno do Estado o incremento da totalidade orzamentaria destinada a Galiza.**

A Pobra do Caramiñal, 12 de maio de 2017

Asdo.: Mª Cristina Andrade González,
Concelleira do G. M. do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL